




MAR AMIGO

Biblioteca CEIP San Francisco Xabier


Abril 2009



DON CABALLITO DE MAR

O cabaliño de mar percorre os fondos mariños, e na súa viaxe vaise atopando con moitos outros peixes que, coma el, son os encargados de coir dar das súas crías. Un fermoso canto á paternidade

*Dos peces amigos
vienen por el mar.
¡Qué verdes las algas!
¡Qué rojo el coral!
Dora Alonso*




EL PEZ ARCOIRIS

Esta é a historia dun fermoso peixe ao que todos envexan polas súas escamas brillantes e coloristas. Un peixe fachendoso que desprezia aos demais, ata que comprende que de seguir así quedará só e sen amigos.

DOS AMIGOS

A través de ilustración a dúas cores, azul e dourado, este conto narra a historia dun peixe e un paxaro. A pesares de ser tan distintos, convértese en amigos inseparables. Unha lección para aceptar o que un é e o amor ao que é diferente



NADARÍN


Nadarín é un peixiño que se sente indefenso. Sabe que o peixe grande se come ao pequeno e vive atemorizado polo seu grande inimigo: o atún. Pero utilizando a imaxinación e a axuda dos seus amigos logrará salvarse e vencer os seus medos.

OUTROS TÍTULOS




ONDAS DE VERDE E AZUL

O mar, o río, e moitos outros elementos da natureza son o corpo deste libro de poemas.



POR EL MAR DE LAS ANTILLAS ANDA UN BARCO DE PAPEL

Poemas de Nicolás Guillén con diferentes temáticas.



MARTIÑO E O MAR

Libro con CD de música, con sete cancións que fan do mar e da necesidade de coidalo.

OS PIRATAS DA ILLA DA ESPERANZA

Un grupo de cinco rapaces coñece a un vello mariñeiro e xuntos viven unha intensa aventura.




Teño un barco de xoguete e nel me embarcar.

Polos mares dos meus sonhos ¡ quen me verá navegar !

Manuel María

*¿Adónde vas, marinero
por las calles de la tierra?
¡Voy por las calles del mar!
Rafael Alberti*



BUENOS DÍAS, QUERIDA BALLENA e ADIÓS, QUERIDA BALLENA

Un pescador coñece a unha balea e faise amigo dela. Vense con frecuencia, pero un día o home non acode á súa cita. Daquela a balea, arriscando a súa vida, decide ir visitalo.

O soldadiño recuperado polo mar



EL SOLDADITO DE PLOMO

Este é un álbum sen palabras ilustrado por Jörg Müller, con imaxes de sobrecolador realismo. Unha impresionante lectura do coñecido conto de Andersen que nos presenta un dos grandes problemas do mundo: a diferenza entre o primeiro e o terceiro mundo. Un libro que axuda a entender as múltiples lecturas que encerran os contos de sempre e que lles permiten seguir de actualidade.

Un mar para descubrir




Unha chea de títulos para saber máis sobre o mar e os seres que o habitan. Todos eles con ilustracións de gran calidade e información interesantísima e moi ben plantexada.



*Que es mi barco mi tesoro,
que es mi dios la libertad,
mi ley, la fuerza y el viento,
mi única patria, la mar.
Espronceda*

Varios títulos sobre barcos e navegantes.

Desde as primeiras embarcacións ata os transatlánticos. E, ao paso, información sobre o mundo, sempre tan suxerente, dos piratas, corsarios e bucaneiros.



CUENTOS DEL MAR

Este libro é unha antoloxía de textos que ten ao mar como protagonista.

Lendas, relatos, poemas e cancións acompañados de magníficas ilustracións



E non poden faltar...




LA ODISEA

Rematada a guerra de Troia, Ulises regresa a Ítaca, o seu reino. Pero esta viaxe será dura e longa, chea de aventuras nas que o noso heroe terá que poñer en práctica toda a súa sabiduría, todo o seu inxenio.


*Ten siempre a Itaca en tu pensamiento.
Tu llegada allí es tu destino.
Mas no apresures nunca el viaje.
mejor que dure muchos años
y atracar, viejo ya, en la isla,
enriquecido de cuanto ganaste en el camino
sin aguardar a que Itaca te enriquezca.*

Constantino Cavafis



ROBINSON CRUSOE

A partir dun feito real ocorrido a comezos do século XVIII e que conmocionou á Inglaterra do seu tempo, Defoe escribe esta novela de aventuras. O famoso náufrago, Robinson, obrigado a vivir na máis absoluta soidade pon en marcha todos os seus recursos para seguir mantendo unha vida digna e civilizada. Unha novela que conta como o home é quen de dominar a natureza.



LA ISLA DEL TESORO

A coñecida novela de Stenvenson, segue a ser o patrón da novela de aventuras. Narrada polo seu protagonista, o xoven Jim, conta a súa viaxe en busca dun tesouro agochado nunca illa dos mares do Sur. Personaxes complexos, marcados pola súa ambigüidade, que manteñen no lector unha mestura de sentimentos, unha inseguridade sobre onde está verdadeiramente o mal. Libro sempre de actualidade.